

INSTRUCCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA VIDEOCONFERENCIA (3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA)

Data e hora

A videoconferencia levarémola a cabo o **venres 24** de abril a partir das **5 da tarde**.

Recursos

O máis cómodo para acceder á videoconferencia é un **ordenador**, pero tamén é posible empregar **móbil** ou **tablet**. A diferenza é que co móbil e coa tablet hai que ter descargada a aplicación que imos usar e co ordenador non é necesario.

Outra vantaxe de empregar ordenador é que podedes ver a todos os participantes en pantalla ao mesmo tempo e co móbil soamente veredes ao participante que está a falar nese momento.

Aplicación que imos empregar

Imos probar coa aplicación que nos facilita a Consellería de Educación: chámase **Cisco Webex**. Como acabo de comentar, quen vaia a conectarse desde un ordenador non precisa descargala, mais quen vaia a acceder desde un móbil ou unha tablet si que o ten que facer entrando con anterioridade nesta ligazón:


<https://www.webex.com/es/downloads.html>

Como comezar a videoconferencia


O día 24 ás 5 da tarde debes comezar a “unirvos” a través da seguinte **ligazón de acceso á videoconferencia**:

<https://eduxunta.webex.com/meet/marina.garcia.san.leon>

Tedes que **copiar e pegar esta ligazón** na barra do buscador do voso ordenador, móbil ou tablet (ver imaxe da dereita). Por se atopades dificultades á hora de copiala, tamén enviarei esta ligazón tanto aos correos electrónicos desde os que me escribíchedes como a través de Abalar.



Unha vez que copieades e peguedes a ligazón e entredes, pasará o seguinte:



a) Se accededes desde un ordenador sen ter descargada a aplicación, podeades pinchar en “Únase desde su navegador” (ver a parte sinalada co dedo da imaxe da esquerda).

b) Se accededes a través dun móbil ou unha tablet, teredes que “Abrir Cisco Webex Meeting”.

Procedemento a seguir

É importante que vos asegurades de que os iconos do micrófono e da cámara NON estean de cor vermella (como na imaxe da dereita), pois iso significa que están desactivados. Para activalos basta con pinchar sobre eles e cambiarán a cor negra. Isto é imprescindible para que aos rapaces se lles poda escoitar e ver.

Todos sabemos como son as tecnoloxías e non vos desesperedes se algo falla (imaxe, audio...) a pesar de ter todo aparentemente en orde.

Para evitar que os nenos e nenas se interrompan e que a comunicación se convirta en algo caótico, é probable que eu por momentos elixa a opción de manter os seus **micrófonos pechados** e pouco a pouco abra un ou varios micros para darlles a palabra. Animade a participar desde casa a aqueles nenos máis calados ou tímidos cando sexa o seu turno, pois despois quedarán coa pena de non ter falado...

Vémonos o venres! Eu estou desexando que chegue o día!

